

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

- 2831** *Real decreto 75/2018, do 19 de febreiro, polo que se establece a relación de compoñentes básicos de custos e as fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada.*

A Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, estableceu un novo réxime de actualización de valores monetarios das variables económicas, poñendo fin a prácticas amplamente estendidas e non xustificadas de indexación dos ditos valores mediante a aplicación de índices xerais de prezos tales como o índice de prezos de consumo (IPC). Esta lei persegue a creación dun réxime xeral baseado no principio de non indexación no ámbito público, así como o establecemento das bases necesarias para que as variacións de valores monetarios no ámbito de aplicación da lei reflectan apropiadamente a información de custos, non produzcan nesgos inflacionistas e se evite a xeración de persistencia ou inercias na inflación derivadas das prácticas de indexación mediante índices xerais de prezos.

En particular, no caso dos prezos dos contratos do sector público, a disposición derradeira terceira da Lei de desindexación modificou o artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, precepto que regula a revisión dos ditos prezos, excluíndo tanto a posibilidade de revisións periódicas non predeterminadas ou non periódicas dos prezos dos ditos contratos como o uso de índices xerais de prezos ou de fórmulas de revisión baseadas en tales tipos de índices e establecendo os principios, criterios e límites aplicables á revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, mantén no seu artigo 103 a regulación do artigo 89 do texto refundido.

O artigo 4.3 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, remite ao desenvolvemento regulamentario o establecemento dos principios xerais que rexen todas as revisións de valores monetarios motivadas por variacións de custos, así como os criterios para a interpretación dos principios de eficiencia e boa xestión empresarial nos supostos susceptibles de revisión, os supostos en que se pode aprobar un réxime de revisión periódica e predeterminada en función de prezos individuais ou índices específicos de prezos, as directrices para o deseño dunha fórmula nas revisións periódicas e predeterminadas, os compoñentes de custos que se incluirán nas fórmulas de revisión periódica e predeterminada, os supostos e límites para a translación dos custos de man de obra ao valor monetario suxeito a revisión periódica e predeterminada e, por último, os compoñentes da fórmula que incentiven o comportamento eficiente.

O Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, levou a cabo o desenvolvemento regulamentario dos ditos principios regulando, entre outros aspectos, os supostos e as condicións en que os contratos públicos poden ser obxecto de revisión de prezos, ben mediante a aplicación de fórmulas tipo que reflectan a estrutura de custos común para unha determinada tipoloxía de contratos, ben mediante fórmulas singulares de revisión de prezos que reflectan a estrutura de custos dun contrato específico.

Por outra parte, o número 6 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, na redacción dada a este pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, habilita o Consello de Ministros para aprobar, logo do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fórmulas tipo de revisión periódica e predeterminada para os contratos de obra, para os contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas e para aqueloutros contratos cuxo período de recuperación da

investimento sexa igual o superior a cinco anos, e dispón igualmente que o Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado determinará aquelas actividades onde resulte conveniente contar cunha fórmula tipo, elaborará as fórmulas e remitíraas para a súa aprobación ao Consello de Ministros, así como que cando para un determinado tipo de contrato se aprobasen, polo procedemento descrito, fórmulas tipo, o órgano de contratación non poderá incluír outra fórmula de revisión diferente a esta nos pregos e contrato. De acordo co disposto no número 7 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as fórmulas tipo reflectirán a ponderación no prezo do contrato dos compoñentes básicos de custos relativos ao proceso de xeración das prestacións obxecto daquel. Adicionalmente, o número 8 do citado artigo dispón que regulamentariamente se establecerá a relación de compoñentes básicos de custos que se deben incluír nas fórmulas tipo referidas neste punto.

No caso dos contratos de obra e dos contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas, a aprobación das fórmulas tipo ás cales fai referencia o dito precepto foi instrumentada polo Real decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas, cuxa vixencia mantivo de modo expreso a disposición derogatoria da Lei 2/2015, do 30 de marzo.

O presente real decreto ten por obxecto, ao abeiro da habilitación contida no número 6 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, ampliar o repertorio de fórmulas tipo dispoñibles para a revisión de prezos dos contratos públicos mediante a aprobación de fórmulas tipo aplicables a un conxunto de contratos cuxas características, número e frecuencia de adxudicación sexan uniformes, como é o caso dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada, así como establecer a relación de compoñentes básicos de custos que se deben incluír nas ditas fórmulas, tal como dispón o número 8 do artigo 89 da lei.

O Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, dispón igualmente no seu artigo 7, número 8, que se poderán incluír nas fórmulas compoñentes que incentiven o comportamento eficiente dos axentes económicos, modulando as revisións en función da eficiencia, a produtividade ou a calidade do produto o servizo. O que se pretende con isto é que as ganancias exóxenas de eficiencia (aqueles das cales se benefician todas as empresas por igual) e que, por tanto, minoran os custos recorrentes susceptibles de revisión periódica se trasladen ao consumidor. Ao mesmo tempo, débese garantir que as ganancias endóxenas de eficiencia (propias á empresa) redunden integralmente en maiores beneficios empresariais. Neste contexto, proponse que estas ganancias exóxenas de eficiencia dean lugar a un menor peso do compoñente básico de custo a que se refire no conxunto da estrutura de custos.

Por isto, tradúcense nun factor X que reduce a ponderación, na fórmula de revisión de valores monetarios, do dito compoñente básico de custos.

No caso dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada, a análise da estrutura de custos destes contratos pon de manifesto que o principal compoñente de custo susceptible de modo significativo á introdución de mecanismos que incentiven o comportamento eficiente do empresario é o consumo de combustible. Por isto, introduciuse un factor X que minora periodicamente o peso nas fórmulas do dito compoñente de custo. O dito factor X, de valor nulo inicialmente, será modificado periodicamente para recoller a eventual redución no consumo de gasóleo experimentada polos autocares destinados ao transporte de viaxeiros por estrada, incentivando deste modo o empresario a que renove a súa frota cos vehículos máis eficientes, e trasladando periodicamente ao usuario as economías obtidas. Este sistema de revisión das ganancias exóxenas de eficiencia permite que a empresa se apropie das ganancias exóxenas de eficiencia ata o momento de realizar cada revisión de eficiencia; unha vez realizada a revisión de eficiencia, as ganancias de eficiencia trasládanse integralmente ao consumidor; incentiva que as empresas implementen as ganancias exóxenas de eficiencia e sexan eficientes, dado que reteñen o beneficio adicional ata as revisións e, se no son eficientes no momento da revisión, perden beneficio que deberían poder manter.

O real decreto aproba oito fórmulas tipo de revisión de prezos para os contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada, aplicables aos ditos contratos en función das características do percorrido e do tipo de vehículo que se vai utilizar, así como da eventual utilización de estacións suxeita a pagamento de canons ou tarifas. As fórmulas inclúen un parámetro, representado polo símbolo X, que traslada ao prezo o impacto da redución no consumo de gasóleo experimentado polos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros por estrada desde a data de aprobación do real decreto ata a data de revisión do dito factor X.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado emitiu informe sobre este real decreto na súa reunión do día 2 de novembro de 2017.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos foi informada deste real decreto na súa reunión do día 21 de decembro de 2017.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Facenda e Función Pública e de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de febreiro de 2018,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación aos contratos do sector público cuxo obxecto consista no transporte regular interurbano de viaxeiros por estrada mediante vehículos propulsados por motor de combustión interna alimentado con gasóleo.

##### Artigo 2. *Relación de componentes básicos de custos que se deben incluír nas fórmulas de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada.*

De conformidade co disposto no artigo 89, número 8, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a relación de componentes básicos de custos que se deben incluír nas fórmulas de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada será a recollida no anexo I.

O incremento repercutible dos componentes PR e MP do dito anexo I non poderá ser superior ao incremento experimentado pola retribución do persoal ao servizo do sector público, conforme as leis de orzamentos xerais do Estado, de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

##### Artigo 3. *Aprobación das fórmulas tipo para a revisión de prezos nos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada.*

De conformidade co previsto no número 6 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as fórmulas tipo aplicables para a revisión de prezos nos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada serán as establecidas no anexo II.

Nas fórmulas de revisión de prezos represéntanse co subíndice t os valores dos índices de prezos de cada componente básico de custo na data de aplicación da revisión do prezo do contrato, así como o valor do coeficiente K de revisión resultante da aplicación da fórmula, e represéntanse co subíndice 0 os valores dos índices de prezos de cada componente básico de custo na data a que se refire o número 4 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

As fórmulas inclúen igualmente un factor de eficiencia, representado polo símbolo X, que traslada periodicamente ao prezo do contrato as reducções dos custos soportados polos contratistas, estimadas baixo os principios de empresa eficiente e ben xestionada, como consecuencia da diminución no consumo de gasóleo experimentada, desde a data de aprobación das fórmulas, polos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros por estrada.

**Artigo 4. Fixación e aplicación do factor de eficiencia.**

O factor X de eficiencia a que se refire o artigo 3 modifica o coeficiente que en cada fórmula representa a ponderación no prezo do contrato do custo do gasóleo consumido, na forma expresada nas fórmulas recollidas no anexo II. O dito factor, cuxo valor será obxecto de revisión periódica, cuantifica de modo estimativo a redución, expresada en tanto por un, experimentada polo consumo dos vehículos novos de transporte colectivo de viaxeiros por estrada, estimada baixo principios de eficiencia, desde a data de aprobación do presente real decreto ata a data de cada revisión do dito factor X.

O valor do factor de eficiencia fixase inicialmente en cero en todas as fórmulas. O dito valor será revisado cada cinco anos, contados desde a data de publicación do presente real decreto.

**Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio de aplicación das novas fórmulas.**

A revisión de prezos dos contratos derivados de expedientes de contratación que se iniciasen no momento da entrada en vigor da presente disposición estará suxeita aos índices ou fórmulas de revisión de prezos fixados nos pregos. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados de se ter publicado a convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos non suxeitos a publicidade, para determinar o momento da súa iniciación tomarase en conta a data de aprobación do expediente.

**Disposición transitoria segunda. Réxime de substitución transitoria de índices.**

Se no momento da entrada en vigor do presente real decreto non se dispón das series estadísticas de prezos necesarias para a elaboración dos índices de prezos dalgún dos compoñentes básicos de custos incluídos na relación aprobada no artigo 2, ata que se disponha das ditas series utilizaranse na súa substitución as agregacións do índice de prezos industriais, do índice de prezos de consumo ou da enquisa trimestral de custo laboral que mellor se adapten á composición e natureza dos elementos básicos constituíntes do compoñente básico de custo que se vai substituír. A substitución será autorizada polo mesmo procedemento polo que se aproban os índices de revisión de prezos.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

**Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.**

1. De conformidade co previsto no número 8 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, os índices que interveñen nas fórmulas de revisión de prezos aprobadas mediante o artigo 3 serán establecidos por orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado, cuxas propostas deberían estar baseadas en criterios obxectivos e transparentes.

A esta orde seralle de aplicación o disposto no artigo 5 e no capítulo III do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro.

2. De conformidade co previsto no parágrafo primeiro do número 8 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o Instituto Nacional de Estatística elaborará os índices dos prezos dos compoñentes básicos de custos incluídos nas fórmulas tipo de revisión de prezos dos contratos, os cales serán aprobados por orde do ministro de Facenda e Función Pública, logo do informe do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado, cuxas propostas deberán estar baseadas en criterios obxectivos e transparentes.

3. De conformidade co previsto no parágrafo primeiro do número 8 do artigo 89 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o valor do factor de eficiencia, a que se refire o artigo 4, será fixado por orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado. As propostas do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado deberán estar baseadas en criterios obxectivos e transparentes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

**ANEXO I****Relación de compoñentes básicos de custos para as fórmulas tipo de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada**

Os compoñentes básicos de custos que se deben incluír con carácter xeral nas fórmulas de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada e os símbolos que representan os seus respectivos índices de prezos nas ditas fórmulas serán os seguintes:

- PR: custos de persoal de conducción.
- MP: custos de mantemento de vehículos - man de obra.
- MR: custos de mantemento de vehículos - repostos.
- N: custos de pneumáticos.
- CE: custos por canon de estación.
- G: custos de gasóleo de automoción.

## ANEXO II

**Fórmulas tipo de revisión de prezos dos contratos de transporte regular de viaxeiros por estrada**

Fórmula 1: ruta con autocar, percorrido curto e uso de estación

$$Kt = 0,27 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,04 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,04 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,02 \frac{N_t}{N_o} + 0,04 \frac{CE_t}{CE_o} + \left( 0,24 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,35$$

Fórmula 2: ruta con autocar, percorrido medio e uso de estación

$$Kt = 0,27 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,05 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,04 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,02 \frac{N_t}{N_o} + 0,04 \frac{CE_t}{CE_o} + \left( 0,22 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,36$$

Fórmula 3: ruta con autocar, percorrido longo e uso de estación

$$Kt = 0,27 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,05 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,05 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,02 \frac{N_t}{N_o} + 0,05 \frac{CE_t}{CE_o} + \left( 0,21 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,35$$

Fórmula 4: ruta con microbús e uso de estación

$$Kt = 0,47 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,05 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,04 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,01 \frac{N_t}{N_o} + 0,06 \frac{CE_t}{CE_o} + \left( 0,14 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,23$$

Fórmula 5: ruta con autocar e percorrido curto, sen uso de estación

$$Kt = 0,29 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,04 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,04 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,02 \frac{N_t}{N_o} + \left( 0,25 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,36$$

Fórmula 6: ruta con autocar e percorrido medio, sen uso de estación

$$Kt = 0,28 \frac{PR_t}{PR_o} + 0,05 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,05 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,02 \frac{N_t}{N_o} + \left( 0,23 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,37$$

Fórmula 7: ruta con autocar e percorrido longo, sen uso de estación

$$Kt = 0,29 \frac{PR_t}{P_o} + 0,06 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,05 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,03 \frac{N_t}{N_o} + \left( 0,22 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,35$$

Fórmula 8: ruta con microbús, sen uso de estación

$$Kt = 0,51 \frac{PR_t}{P_o} + 0,05 \frac{MP_t}{MP_o} + 0,05 \frac{MR_t}{MR_o} + 0,01 \frac{N_t}{N_o} + \left( 0,15 (1 - X) \frac{G_t}{G_o} \right) + 0,23$$